

**EXP. CONTRATACIÓN 9/2023 (ELECTRÓNICO 3046/2023):
"REHABILITACIÓN DO CENTRO DAS ARTES EMILIA PARDO BAZÁN
(LÍNEA 1 PIREP).**

EXPEDIENTE DE SUBVENCIÓN: 4137/2022

ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE E DO GASTO

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Por Orde TMA/178/2022, de 28 de febreiro, publicada no BOE nº 60, de 11 de marzo de 2022, aprobáronse as bases reguladoras da concesión de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública e a convocatoria para a presentación de solicitudes polo procedemento de concurrencia competitiva, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, dentro do Programa de Impulso á Rehabilitación dos Edificios Públicos para as Entidades Locais (PIREP).

Por resolución de 2 de decembro de 2022 a Secretaría Xeral de Axenda Urbana e Vivenda, dependente do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, outorgou unha axuda ao Concello de Sanxenxo de 1.479.775,88 euros para financiar a actuación "Rehabilitación do Centro das artes Emilia Pardo Bazán". O importe total da actuación, que inclúe á redacción do proxecto, a execución da obra de rehabilitación e outros traballos técnicos necesarios para a realización das obras, é de 1.834.726,27 euros IVE engadido.

Mediante resolución de alcaldía de 28 de xuño de 2023 incoouse expediente para a contratación da actuación da "Rehabilitación do Centro das Artes Emilia Pardo Bazán".

O contrato que se tramita no expediente referenciado no encabezamento, ten un presuposto base de licitación de 1.791.952,77 € (IVE engadido), e inclúe a redacción do proxecto (76.436,5 €) e a execución da obra (1.712.516,27 €). Os demais traballos técnicos necesarios para a realización das obras serán obxecto de contratación a través doutros expedientes.

Emitido informe da secretaría de 13 de xullo de 2023 e da intervención, de data 19 de xullo de 2023, ambos de senso favorable á aprobación do expediente de contratación.

Á vista dos antecedentes expostos, e no uso das miñas atribucións, **esta alcaldía resolve:**

Primeiro: Aprobar o expediente para a contratación conxunta da redacción do proxecto e a execución da obra "Rehabilitación do Centro das Artes Emilia Pardo Bazán", mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, cun orzamento base de licitación, entendido como límite máximo do gasto que, en virtude do contrato e ao longo da duración do mesmo, compromete ao órgano de contratación, incluído o Imposto sobre o



Valor Engadido, que ascende a 1.791.952,77 euros, dos que 79.436,5 € corresponden á redacción do proxecto e 1.712.516,27 € corresponden á execución da obra, conforme ao detallado na cláusula 2 do PCAP.

O valor estimado do contrato ascende a 1.480.952,7 €. O contrato non se encontra suxeito a regulación harmonizada, de conformidade co sinalado nos arts. 19 e 20 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), ao ser o seu valor estimado inferior a 5.382.000,00 €

Segundo: Aprobar o Prego de Prescripcións Técnicas, que consta de 13 cláusulas e o **Prego de Cláusulas Administrativas Particulares**, que consta de 29 cláusulas e 10 anexos.

Terceiro: Aprobar o gasto pola contía de **1.791.952,77 € (IVE incluído)**, suficiente para atender as obrigas de carácter económico para o ente contratante durante o presente exercicio, existindo crédito suficiente no presuposto separado de gastos da Entidade Local, con cargo á partida orzamentaria 33008/63200.

Cuarto: Continuar a tramitación sucesiva do expediente coa **publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Sanxenxo a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.**

En Sanxenxo,
O alcalde, Telmo Martín González
O secretario xeral, Ángel Luis López Pita

